

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 63

ano 10

marzo-abril 2016

Literatura galega e exilio

50 ANOS DA HOMENAXE A CELSO EMILIO FERREIRO

A nosa proposta para este número de Fronda é a capa da invitación ao banquete **homenaxe a Celso Emilio Ferreiro** co gallo da súa marcha cara a Venezuela, que tivo lugar nos baixos do antigo **Hotel Roma** (rúa do Progreso, 95) o domingo 15 de maio de 1966. No seu interior, aparece o menú do xantar ao que asistiron arredor de 250 invitados (que pagaron 160 pesetas cada un polo banquete) e que contou coa adhesión de 1250 persoas máis, chegadas dende todos os recunchos de Galicia, e pertencentes a diversos estratos sociais. Xunto á intelectualidade galega (o actual presidente da RAG **Xesús Alonso Montero**, **Ramón Otero Pedrayo**, **Eduardo Blanco Amor**, **X.L. Méndez Ferrín**...) había obreiros, labregos e estudantes.

Creouse unha comisión especial destinada a organizar este evento, iniciativa da **UPG** (Unión do Povo Galego), da que Celso Emilio era militante, co apoio do **PCE** e outros **partidos antifranquistas**. A comisión estaba formada, entre outros, polo secretario fundador da UPG e amigo de Celso Emilio, Luis Soto, ademais de Ramón Otero Pedrayo, Arturo Lezcano e Xulio Vázquez Ximeno. Presidía Amadeo Varela, galeguista represaliado durante a Guerra Civil e avogado dos labregos de Castrelo de Miño.

O conflito entre os labregos de **Castrelo de Miño** e **Fenosa** pola construción dun encoro que inundaría as terras de labradío do Ribeiro e converteu tamén este xantar nun ousado acto político de protesta contra o réxime franquista. Ramón Otero Pedrayo definiu o conflito nas seguintes verbas: “o feudalismo eléctrico de Fenosa”. Durante o banquete, os invitados deron unha serie de discursos en loanza á Celso Emilio e ao seu compromiso coa terra, a poesía e a lingua, e tamén tivo lugar a lectura dun comunicado de agradecemento dos labregos de Castrelo de Miño. Tamén se escoitou o himno galego.

O réxime foi causa e padecemento pola cal Celso Emilio Ferreiro (e tantos outros) deixaron con mágoa a patria. Nunha carta a Camilo Díaz, fillo de Isaac Díaz Pardo, Celso Emilio comentaba que probablemente estivese no exilio un par de anos, que finalmente se con-

verterían en sete, contra todo prognóstico.

Por último, na contraportada da invitación aparece un poema do homenaxeado, titulado significativamente “Esperanza”, aquela que tiña Celso Emilio nos emigrantes nos primeiros anos, idealizando a Galicia do exilio como a terra prometida (desgraciadamente mudará de opinión co tempo):

«Erguerémola esperanza / sobre ista terra escura /
coma quen ergue un facho / nunha noite sen lúa»




1966, maio, 15. Ourense
Invitación ao banquete homenaxe a Celso Emilio Ferreiro co gallo da súa marcha a Venezuela.
Impreso, galego; 11x15,8 cm
AHPOu, Fondo Luis Soto, C. 14637/114

Vida e obra de Celso Emilio Ferreiro

Nace **Celso Emilio Ferreiro Míguez** o 6 de xaneiro de 1912 na vila do gran poeta Curros Enríquez: Celanova. A súa familia era acomodada e de tradición galeguista, sobre todo pola influencia do pai. Na nenez Celso Emilio estuda nos Escolapios da súa vila natal. Xa na adolescencia comeza a interesarse pola política e a poesía, fundando con Xosé Velo Mosqueira as **Moiedades Galeguistas** de Celanova, que se insiren na Federación posterior, dependente do Partido Galeguista. Mais en 1936 a **Guerra Civil** española supón unha interrupción na súa vida, xa que é obrigado a unirse ao exército franquista sublevado e destinado a Asturias como radiotelegrafista.

É nesta época cando ten lugar un incidente que o marcará para sempre, en vida e obra: durante un permiso en Celanova no ano 1937 expresa en público a súa opinión contraria ao réxime e é denunciado por unha veciña; detido e condenado a morte, sendo recluso no mosteiro de Celanova, para finalmente ser indultado. Desta terrible experiencia nace unha das obras máis aclamadas do autor: **Longa noite de pedra**, que non será publicada até 1962.



Sinatura autógrafa de Celso Emilio Ferreiro nunha misiva a Luis Soto (17-12-1969)
AHPou, Fondo Luis Soto, C. 14639/141

Despois deste incidente e de volta en Asturias, en 1938 coñece a súa futura muller, **Moraima**, inspiradora da súa poesía máis íntima.

Cando retorna a Galicia continúa os estudos de Dereito que comezara en Asturias e que abandona en favor da carreira de Maxisterio, aínda que non exercerá esta profesión. Dende 1941 até 1950 establécese en Pontevedra, traballando de funcionario no Xulgado. Alí participa na vida cultural da cidade e colabora con revistas e coa **Colección Benito Soto de Poesía**, a primeira editorial que publicou en galego despois da Guerra Civil. En 1949 múdase a Vigo para traballar como procurador, onde permanecerá até que marcha ao seu exilio venezolano en 1966. Aquela será unha época fecunda na súa produción literaria, na que colabora con editoriais e medios vigueses como **Galaxia** e **Faro de Vigo**, e publica, como xa dixemos, **Longa noite de pedra**. Tamén participa na fundación da UPG xunto con Xosé Luis Méndez Ferrín e Luis Soto.

Obrigado a exiliarse, permanece en Venezuela até 1973, momento no que retorna a Madrid, para adicarse ao xornalismo e á literatura. Nestes anos rompe coa UPG e achégase ao **Partido Socialista Galego**, pri-

meiro (co cal se presenta como candidato ao Senado nas eleccións lexislativas de 1977) e despois ao **PSOE**.

Durante unhas vacacións na terra nai, falece subitamente en Vigo, o 31 de agosto de 1979, e é soterrado na súa benquerida Celanova.

Viaxe ao país dos ananos (1966-1973)

En 1966, debido á sensación de atoparse no punto da mira da represión franquista, Celso Emilio decide aceptar unha oferta de traballo da **Hermanidad Gallega** de Caracas. Así, colaborará con eles en prensa (quincenario *Irmandade*), radio (programa *Sempre en Galicia*) e dirixindo o cine club e a *Escola Castellao*. Tamén funda o **Patronato da Cultura Gallega**. Pero no seo da Hermanidad ten problemas cun sector da dirección afín ao franquismo, motivo polo cal o expulsan en 1968. A partir de aí ten que buscar traballo nos máis diversos oficios até obter a nacionalidade venezolana en 1969, e, grazas á mediación de amigos, conseguir un traballo de corrector no Gabinete de prensa da Oficina Central de Información do Goberno de Venezuela.

Desta experiencia nacerá o poemario **Viaxe ao país dos ananos** (1968). Trátase dunha obra que posúe un celme acedo e transmite unha forte crítica contra un sector da emigración que se convertirá, segundo as súas verbas, en “desleigado”. Foi unha obra moi polémica na súa época xa que persoeiros da cultura galega como **Luis Seoane**, que tamén fora emigrante, sentíronse atacados, e hoxe en día continúa a ser motivo de debate. Nunha carta a Luis Soto datada o 17 de nadal de 1969, Celso Emilio di o seguinte: *Agora ben; si se refire a temática, desa primeira parte do meu libro, na que repudio a emigración galega desleigada... somente un descoñecedor da realidade (ou un franquista) pode discrepar dos meus puntos de vista... os dun nacionalista galego.*

Documentación sobre Celso Emilio Ferreiro no AHP de Ourense

O **Fondo Luis Soto** contén documentación persoal do mestre republicano e galeguista nun intervalo de tempo entre 1921 e 1978. Foi unha figura clave na política e cultura galegas dende o exilio en México, fundador e editor da revista **Vieiros**, que mantivo contacto coa intelectualidade galeguista de varios eidos; entre eles, Celso Emilio Ferreiro, amigo e compañeiro na UPG. Por isto conservamos no Arquivo Histórico Provincial de Ourense documentos epistolares entre ambos os dous, ademais de poemas orixinais con sinatura autógrafa que Celso Emilio enviara a **Vieiros**, xa que era colaborador habitual da publicación.